

REFLEXIÓN SOBRE O AMOR

Moitas persoas pensan que o amor é sinxelo, mais isto non é así.

Comecemos polo principio. Que é o amor? Poderíase definir como un cóctel de emocións. É a sensación de alegría e ilusión que se sente ao reencontrarse con esa persoa especial, ou aquela que experimentas cando fas un amigo, ou mesmo cando non podes deixar de sorrir por unha persoa (tamén chamado namorarse).

Con este sentimento comézase unha viaxe nunha montaña rusa con destino ás estrelas.

Ás veces, o amor trae consigo a dor. Pode ser esa punzada no peito ao darse conta de que este sentimento non é mutuo ou esa decepción que sentes cando alguén non reacciona da mesma forma que ti o farías ante unha situación que sabe que é importante para ti.

En poucas palabras, é aquilo que chega á túa vida para traerche todo, mais tamén cho pode arrebatarte e deixarte vacío.

Andrea Campos Rodríguez, Lara Fernández Ramos, Andrés Gutiérrez Fernández

IES LUCUS AUGUSTI